
PROTOCOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE SOPORTE Á XESTIÓN ECONÓMICA DE GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

O desenvolvemento das actividades de I+D+i nos grupos de investigación pode verse facilitado con ferramentas financeiras axeitadas e flexibles para a xestión económica. No ano 2010, a Universidade de Vigo estableceu a posibilidade de que os seus grupos de investigación subscribisen contratos-programa, podendo estes recibir financiamento de diversas fontes e ter unha duración máxima de 3 anos prorrogables. Así, as normas de desenvolvemento do orzamento 2013 da Universidade de Vigo fan referencia, nos artigos 12 e 14, á posible apertura de aplicacións orzamentarias de gasto para os grupos de investigación que subscriban un contrato-programa, previa autorización da Xerencia á proposta da Vicerreitoría de Investigación, e detallan diversos aspectos relativos á duración máxima, fontes de financiamento, ou incorporación de remanentes.

Transcorridos tres anos desta iniciativa, compre revisar o funcionamento destas ferramentas de xestión económica das actividades de I+D+i, e definir do xeito mais claro posible as condicións para a apertura e execución das mesmas, tendo en conta a experiencia acumulada ata o momento e a coxuntura económica actual da Universidade. No presente protocolo, e sen prexuízo do cumprimento das correspondentes normas de execución dos orzamentos anuais da Universidade, detállase o procedemento para a solicitude, autorización, xestión e execución desta ferramenta, que pasará a denominarse a partir de agora **Programa de Soporte á Xestión Económica de Grupos de Investigación**.

1. *Obxecto*

O Programa de Soporte á Xestión Económica de Grupos de Investigación (en adiante, programa-soporte) consiste na apertura, previa autorización da Xerencia á proposta da Vicerreitoría de Investigación, de aplicacións orzamentarias de gasto para a xestión económica das actividades de I+D+i de grupos de investigadoras e investigadores da Universidade de Vigo.

2. *Persoas Destinatarias*

A solicitude dun programa-soporte pode ser realizada por calquera grupo de investigación, así como por agrupacións de grupos de investigación e/ou persoal investigador, sempre que teñan recursos libres para financeiro. Un investigador ou investigadora só poderá participar nun Programa-Soporte.

3. *Procedemento e período de solicitude*

A solicitude deberá ser presentada na Vicerreitoría de Investigación utilizando o formulario correspondente, que estará dispoñible na web da Universidade, no que se indicarán os datos e conformidade do grupo, grupos e/ou persoal investigador solicitante, así como unha breve descrición das actividades de I+D previstas, os ingresos iniciais e unha estimación aproximada dos gastos a realizar, debendo quedar patente a viabilidade da planificación proposta.

No caso de recibir a autorización da Vicerreitoría de Investigación, e co visto e prace da Xerencia, procederase á apertura da correspondente aplicación orzamentaria, na que se poderán incorporar os fondos dispoñibles.

Calquera modificación nas persoas participantes no programa-soporte deberá ser autorizada, previa solicitude, pola Vicerreitoría de Investigación. A baixa de participantes non suporá en ningún caso a retirada dos fondos previamente aportados ao Programa-Soporte.

As solicitudes de apertura ou prórroga dun programa-soporte deberán ser presentadas durante o último trimestre do ano, agás que a Vicerreitoría de Investigación estableza de modo específico un prazo distinto. Así mesmo, a Vicerreitoría de Investigación poderá autorizar en casos excepcionais o inicio e/ou finalización da vixencia dun programa-soporte en datas distintas do 1 de xaneiro ou 31 de decembro.

4. *Duración, dotación mínima e recursos incorporables*

Un programa-soporte poderá ter unha duración inicial de un, dous ou tres anos, considerados dende 1 de xaneiro ata 31 de decembro, e será prorrogable por períodos anuais ata unha duración total máxima de catro anos, sempre que se dispoña do financiamento mínimo anual esixido.

O financiamento mínimo necesario é de 8.000 € por ano. Ademais da aportación inicial, poderán efectuarse incorporacións de fondos adicionais durante o período de vixencia.

Poderá incorporarse ao programa-soporte calquera recurso económico de investigación que non teña carácter finalista:

- Produción de investigación e Produción de transferencia
- Recursos libres de proxectos europeos
- Recursos xerados por contratos de I+D con empresas e institucións
- Recursos procedentes das aplicacións orzamentarias dos departamentos, sempre que estes o autoricen
- Ingresos xerados por congresos, xornadas ou cursos
- Ingresos derivados de actividades de mecenazgo
- Axudas á investigación da Universidade de Vigo para as que a Vicerreitoría de Investigación non estableza a apertura dunha aplicación orzamentaria específica
- Outros recursos non finalistas

En ningún caso poderán incorporarse aos programa-soporte as axudas públicas ou recursos resultantes de actividades suxeitas á Lei de Subvencións.

5. *Gastos imputables*

Poden imputarse co cargo aos programa-soporte gastos derivados da execución de actividades de I+D+i:

- Material funxible, incluíndo material informático e de oficina
- Material inventariable
- Contratación laboral de persoal
- Desprazamentos e indemnizacións por razón de servizo
- Custos de reparacións e mantemento de equipos e instalacións
- Servizos dos Centros de Apoio á Investigación da Universidade de Vigo
- Contratación de servizos externos
- Outros gastos de execución

Non é posible o financiamento de bolsas con cargo aos Programa-Soporte: a vinculación de persoal debe realizarse a través de contratos laborais.

En tódolos casos, deberase ter en conta a normativa vixente da Universidade e os procedementos de tramitación que correspondan.

6. *Incorporación de remanentes*

A execución de gasto no programa-soporte debe reflectir claramente a actividade investigadora do grupo. Polo tanto, a incorporación do saldo remanente ao final do ano económico á anualidade seguinte non poderá superar a suma do 50% da cantidade incorporada nese ano económico mais o 25% do remanente procedente do ano anterior. Se o saldo dispoñible a 31 de decembro é superior a esta cantidade, o resto non será incorporado en ningún caso.

7. *Informe de actividades*

O persoal investigador coordinador do programa-soporte deberá presentar na Vicerreitoría de Investigación, no mes seguinte á finalización da vixencia do programa-soporte ou xunto coa solicitude de prorrogas, de ser o caso, un informe das actividades realizadas e os resultados obtidos.

Disposición transitoria

Os contratos-programa existentes no momento de aprobación deste protocolo, e cuxa vixencia finalice no ano 2013, serán prorrogados de oficio ata o 31 de decembro de 2013, co obxecto de adaptalos aos prazos de solicitude e duración dos programa-soporte aquí establecidos.

Ademais, poderanse incorporar ao marco descrito neste protocolo para os Programa-Soporte. No caso de solicitalo e cumprir os requisitos correspondentes, procederase á formalización do correspondente Programa-Soporte, utilizando a mesma aplicación orzamentaria do contrato-programa anterior.

No que se refire á vixencia do programa-soporte formalizado, non se terá en conta o período transcorrido no contrato-programa previo, é dicir, poderase solicitar unha duración inicial do programa-soporte de un, dous ou tres anos, e prórrogas posteriores por períodos anuais ata unha duración total máxima de catro anos, sempre que se dispoña do financiamento mínimo anual esixido.

En canto á incorporación de remanentes do contrato-programa ao programa-soporte no ano 2014 e seguintes, aplicáraselles o indicado no apartado 6 deste protocolo.

Aqueles contratos-programa cuxa vixencia se prolongue mais alá do ano 2013 serán prorrogados de oficio ata o 31 de decembro do ano de finalización correspondente, con obxecto de facilitar a súa transformación en programas-soporte. No relativo á incorporación de remanentes no ano 2014 e seguintes, e á vixencia dos programas-soporte nos que poidan transformarse, se lles aplicará tamén o indicado no parágrafos anteriores.